

IX LABORATORIO DE ESCRITA TEATRAL
AUTORIZACIÓN PARA O TRATAMENTO DE DATOS DE
CARÁCTER PERSOAL A FAVOR DA FUNDACIÓN SGAE PARA A
XESTIÓN DA PARTICIPACIÓN DO(S) SOLICITANTE(S) NO IX
LABORATORIO DE ESCRITA TEATRAL

D/D^a.....
nacido o....., con DNI n^o.....
domicilio en.....
código postal.....,localidade.....
correo electrónico.....
teléfono..... e número de socio SGAE.....
Actuando no seu propio nome e dereito.

D/D^a.....
nacido o....., con DNI n^o.....
domicilio en.....
código postal.....,localidade.....
correo electrónico.....
teléfono..... e número de socio SGAE.....
Actuando no seu propio nome e dereito.

D/D^a.....
nacido o....., con DNI n^o.....
domicilio en.....
código postal.....,localidade.....
correo electrónico.....
teléfono..... e número de socio SGAE.....
Actuando no seu propio nome e dereito.

de dereitos (fragmentos doutras obras literarias, reprodución de parte ou da totalidade de letras de cancións ou preténdese que na edición vaian acompañadas de ilustracións pictóricas ou fotográficas de obras alleas), os autores e/ou coautores das obras seleccionadas están obrigados a acreditarlle á Fundación SGAE que contan coa autorización dos titulares dos dereitos das obras preexistentes para poderen incorporalas ás súas obras e para que se poidan publicar conxuntamente con elas.

14. Os autores e/ou coautores comprométense a que, no caso de que as súas obras (seleccionadas para o Laboratorio) sexan representadas ou editadas a futuro, se faga constar na representación e/ou na edición a mención **“IX Laboratorio de Escrita Teatral Fundación SGAE, 2021”**.

15. Protección de datos de carácter persoal: os datos que faciliten os autores e/ou os coautores incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE, sendo, en todo caso, de aplicación a Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal e a normativa vixente concordante. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade e a non ser obxecto de decisións individuais de forma automatizada perante a FUNDACIÓN SGAE, o autor ou coautores poderán dirixir un escrito aos Servizos xurídicos da Fundación SGAE ao domicilio social da entidade na rúa Bárbara de Braganza, n.º 7, C.P. 28004, Madrid (España), indicando o(s) seu(s) nome(s), apelidos, DNI, domicilio, dereito exercido e as súas razóns.

16. Normas xerais:

- a)** A presentación da solicitude deberá realizala o propio autor do proxecto da obra teatral no caso de ser de autoría única, e no suposto de ser o proxecto de autoría en colaboración, a solicitude deberán presentala todos os coautores conxuntamente.
- b)** A presentación da solicitude por parte do/os participante/s implica a aceptación das condicións e bases establecidas neste documento, e comporta a autorización deste(s) para que a Fundación SGAE poida difundir información do Laboratorio que inclúa datos profesionais e/ou imaxes dos seleccionados.
- c)** Na publicación figurarán os logotipos da organización.
- d)** Os participantes eximen a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidese incurrir algún dos participantes.
- e)** A Fundación SGAE non adquire, en virtude deste concurso, ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria en relación coa realización e o desenvolvemento do Laboratorio diferente da detallada neste documento.
- f)** A Fundación SGAE e o autor ou os coautores cun proxecto que fose seleccionado, subscribirán un convenio que conterà,

necesariamente, as bases establecidas neste documento e a información que relacionamos a seguir, a título enunciativo:

- Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
- Prazo de inicio e finalización do Laboratorio.
- Data de entrega do texto final: 21 de outubro de 2021
- Importe da axuda concedida.
- Forma de pagamento.
- Seguimento do Laboratorio (informe, avaliación e texto final).

g) A lexislación aplicable a este documento é a española, e as partes sométense expresamente á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital, e renuncian ao foro que puidese corresponderlles.

Madrid, 22 de xaneiro de 2021

fundación **sgae**

ENVÍO DE MATERIAIS

formacion@fundacionsgae.org

INFORMACIÓN

Os interesados poderán consultar ou ampliar a información sobre estas bases en:

formacion@fundacionsgae.org
informacion@fundacionsgae.org


Tel. 91 503 68 00 / 14

www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

Coa colaboración de **sgae**

IX Laboratorio de
Escrita Teatral

fundación **sgae**



Co obxectivo de fomentar a escrita teatral e apoiar os autores dramáticos, a Fundación SGAE convoca un Concurso para a selección de participantes no:

IX Laboratorio de Escrita Teatral



BASES 2021

1. Poderán participar todos os socios da SGAE que sexan residentes en territorio español, excepto os membros da Xunta Directiva e do Padroado. No caso de que o proxecto presentado sexa de autoría en colaboración, todos os coautores deberán ser socios da SGAE sen excepción, e residentes en territorio español.

2. Ningún autor ou coautor poderá participar en máis dun laboratorio dos convocados para 2021. Aqueles autores que participasen nalgún dos laboratorios da Fundación SGAE anteriormente poden participar nun laboratorio diferente ou ben no mesmo se transcorreron tres edicións desde a súa última participación.

3. Os socios deberán presentar un único proxecto de obra teatral de autoría única ou en colaboración con outros autores, en castelán ou en calquera outra lingua cooficial do Estado español, que incluíra o título provisional do proxecto, as motivacións do autor/es, unha sinopse argumental e a descrición dos personaxes cunha extensión máxima de 10 folios (4500 palabras). O número de autores dos proxectos que se presenten en coautoría non poderá ser, en ningún caso, superior a tres (3). No caso de que a obra presentada a concurso estea nalgunha das linguas oficiais do Estado español distinta do castelán, o autor poderá incluír unha tradución ao castelán para que poida ser utilizada por aqueles membros do Xurado que non falen a lingua orixinal da obra. Se o autor non inclúe a dita tradución ao castelán, a Fundación SGAE quedará autorizada para realizar a citada tradución para os únicos efectos de servir de instrumento de traballo para os membros do Xurado. As ditas traducións serán destruídas á finalización do proceso de selección.

4. Achegarase a seguinte documentación, en **formato PDF** e en **tres arquivos** diferentes:

- a) Proxecto de obra (conforme o descrito no punto 3), e un breve curriculum vitae do autor ou coautores.
- b) Un texto dramático propio, orixinal e preexistente.

c) PDF cos datos persoais e de contacto, tales como nome, apelidos, enderezo actual (residencia habitual e residencia fiscal), correo electrónico, número de teléfono, incluíndo lugar e data de nacemento e número de socio SGAE. Ademais, deberá acompañarse a autorización expresa do autor participante a favor da Fundación SGAE (debidamente asinada) para o uso dos seus datos de carácter persoal en todas as xestións necesarias para a realización e execución do IX Laboratorio de Escrita Teatral. **Deberá utilizarse o modelo oficial que se pon á súa disposición con esta convocatoria. A falta de presentación deste documento excluírá automaticamente o solicitante da presente convocatoria. No caso de obras en coautoría, terá que achegarse a documentación antes sinalada de todos e cada un dos autores.**

5. Toda a documentación requirida deberá remitirse por correo electrónico a formacion@fundacionsgae.org desde o **22 de xaneiro ao 22 de febreiro de 2021** (ambos incluídos), baixo o enunciado "(Nome do autor ou coautores)" - IX Laboratorio de Escrita Teatral".

6. A Fundación SGAE designará un recoñecido autor dramático da SGAE, como director do Laboratorio, cuxo cometido será coordinar e orientar o grupo de autores seleccionados durante todo o proceso de creación.

7. A Fundación SGAE seleccionará un máximo de seis proxectos de entre todos os presentados que reunisen as condicións requiridas mediante o seguinte procedemento:

- a) Serán seleccionados por un xurado, formado por entre tres e cinco profesionais do mundo das artes escénicas de recoñecido prestixio, que serán designados pola Fundación SGAE. O presidente do xurado será o director do IX Laboratorio de Escrita Teatral.
- b) Ademais da selección do número de proxectos mencionado, o xurado establecerá unha lista suplente de tres proxectos máis, que non se fará pública e que substituirá os seleccionados no caso de renuncia.
- c) O fallo do xurado farase público en abril de 2021.

8. O **IX Laboratorio de Escrita Teatral Fundación SGAE** estará composto polo director e polo menos un autor por proxecto dos proxectos seleccionados. Cada un dos autores ou coautores seleccionados que compoñan o laboratorio terán que desenvolver o seu proxecto de obra dramática no período previsto, sempre co apoio e a baixo a supervisión do director.

9. Durante o proceso realizaranse reunións de traballo colectivo entre os autores e/ou coautores seleccionados para a posta en común do desenvolvemento de cada unha das obras, sempre baixo a supervisión do director do Laboratorio.

10. As reunións do Laboratorio que se realicen presencialmente faranse na cidade de Madrid. As reunións do Laboratorio, ben sexan presenciais ou telemáticas, organizaranse de forma periódica, a partir do mes de abril de 2021 e ata o mes de outubro do mesmo ano, sendo imprescindible a asistencia presencial ou telemática (conforme as estipulacións para cada sesión) de polo menos un autor por proxecto nas datas e horarios que estableza a organización. No caso de que a sesión sexa presencial, os seleccionados deberán respectar todos os protocolos de seguridade establecidos por FUNDACIÓN SGAE para previr os contaxios por COVID 19.

11. No caso de que o autor dun proxecto de autoría única seleccionado non resida na cidade de Madrid, a Fundación SGAE farase cargo dos gastos de desprazamento, aloxamento e manutención derivados desas reunións. Non obstante, o importe da partida orzamentaria coa que conta a Fundación SGAE para financiar os gastos por estes conceptos de todos os autores e/ou coautores dos 6 proxectos que resulten seleccionados será o mesmo independentemente do número de autores de cada proxecto. O importe foi calculado para financiar os gastos de unicamente un autor por cada proxecto. Para este fin será necesario que os coautores de proxectos en colaboración cheguen a un acordo previo entre eles polo que decidan a que autor se lle financiarán estes gastos, acordo que se reflectirá no documento correspondente co arquivo da letra c) do punto 4 destas bases.

12. A Fundación SGAE concederale a cada proxecto seleccionado a cantidade de 4.500 € (impostos incluídos). No suposto de que sexa un único autor, o importe aboarase da seguinte maneira: 2.250 € ao comezo do Laboratorio e 2.250 € ao remate (logo da entrega do texto final), en ambos os casos logo da subscrición do correspondente convenio e logo da presentación do documento de cobro legalmente admitido en dereito que reúna todos os requisitos esixibles pola normativa vixente.

Se o proxecto presentado é de coautoría, o importe de 4.500 € será repartido por partes iguais entre os coautores deste, e aboaráselles o importe que lle corresponda a cada un en dúas veces, seguindo o mesmo criterio do parágrafo anterior (unha parte ao comezo do laboratorio e outra ao remate, logo da entrega do texto final e con posterioridade á presentación do documento de cobro).

13. Os autores e/ou coautores seleccionados comprométese a ceder os dereitos de edición das obras finais resultantes da participación do autor ou coautores asistentes ao laboratorio, obras das que a Fundación SGAE se reserva o dereito de publicar na colección, data, soporte e número de exemplares que estime conveniente. A Fundación SGAE publicará as obras só en idioma castelán. Para estes efectos, os autores/coautores deberán subscribir coa Fundación SGAE o correspondente contrato de edición orixinal. Se as obras desenvolvidas polos seleccionados conteñen fragmentos ou calquera outro contido de obras preexistentes doutros autores ou titulares

MANIFESTA/N:

1. Que voluntariamente presenta(n) a(s) súa(s) solicitude(s) para participar no "IX Laboratorio de Escrita Teatral".

2. Que leu/leron e coñece(n) as bases da devandita convocatoria e asume(n) o seu contido. Para estes efectos, acompañan o seu currículo.

3. Que coñece(n) que para a xestión da súa participación nesta convocatoria do "IX Laboratorio de Escrita Teatral" se requirirá o tratamento dos seus datos de carácter persoal pola Fundación SGAE para realizar todas as xestións de carácter administrativo necesarias para a súa participación no laboratorio e a selección dos proxectos polo xurado.

Por todo o exposto, **CONSENTE(N) EXPRESAMENTE:**

En que a FUNDACIÓN SGAE trate os seus datos de carácter persoal, que constan en este escrito e no currículo que acompaña(n) a solicitude de participación na convocatoria "IX Laboratorio de Escrita Teatral", para realizar todas as xestións de carácter administrativo necesarias para a súa participación no laboratorio e a selección dos proxectos polo xurado.

Que, de conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e nas disposicións complementarias, coñece(n) que pode(n) exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade e a non ser obxecto de decisións individuais de forma automatizada perante a **FUNDACIÓN SGAE** dirixindo un escrito aos Servizos xurídicos da Fundación SGAE ao domicilio social da entidade na rúa Bárbara de Braganza, nº 7, C.P. 28004, Madrid (España), indicando o(s) seu(s) nome(s), apelidos, DNI, domicilio, dereito exercido e as súas razóns.

E para que así conste, asina(n) a presente autorización e consentimento en.....a.....de.....de 2021.

D/Dª.....

D/Dª.....

D/Dª.....

